

NÚMERO 25 // DECEMBRO 2023

# CHÍO



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO


Obra de Guiti

# Manuel José López Guitar. Guiti.


Arquitecto.

**Guiti**, quen tivo a ben facer esta obra personalizada para o noso **Chío** de decembro, é o “artista” que abre a revista con portada *ad hoc*, neste derradeiro número de 2023.


Todo un agasallo de Nadal para nós.



## MAKING OFF



# PORTADA INTEGRAL



GUITAR MXXXIII·XI



## REMEMBER

¿Cal é o momento preciso en que pasamos a ser recordo? Se houbera unha liña que o determinase claramente, moitos estaríamos tentados a non franqueala. Cruzar de presente a pasado ocorre todos os días, mais non sempre é un tránsito sinxelo.

Se ben todas as etapas teñen luces e sombras, o presente avanza con total impunidade e deixa para as lembranzas moitas escenas, momentos e aconteceres.

Polo tanto, antes de convertirmos en estatuas de sal coma Edith, dende **Chío**, queremos agradecer a todas e cada unha das persoas que conosco teñen colaborado de xeito altruista para construír esta revista dixital. A todos/as os que foron conformando este recuncho cultural coa intención de permanecer no tempo, facendo xa recordo, pero aínda pervivindo no presente, mentras sexa posible.

Boas festas e *avanti tutti!*

**MELINA LÓPEZ**



# PREZADO DARÍO


Prezado Darío: Xa pasaron dous anos da túa partida, como corre esto.

A verdade é que se che bota moito en falta, pero moito. O teu sorriso, a túa figura, ese camiñar recoñecible polas rúas da cidade, pola Raiña, cara a biblioteca, pola Praza Maior; ese engaiolar da túa voz baril, que acariña a fala coa que nos falas; de sempre por ti tan defendida e difundida.

O pouco de marchar, Darío, dixeronnos que moi preto da Mosqueira, aquel anaco de rúa, que leva a Porta Toledana, lugar de partida de tantos que marcharon a Castela, ía levar o teu nome e mesmo, algo se falou de unha figura ou peza feita por un bo artista. E que aloumiñarían as pedras da Muralla para sempre. Serían as túas propias mans, como se fora un taboleiro de traballo artesán de un ebanista da palabra e a madeira.

Aínda non che está, Darío; a moitos non lles fai falta, ti camiñas no corazón e no universo de moitos galegos e galegas.

O teu amor pola terra ben claro quedou nas túas verbas:



IN MEMORIAM



Óllote, miña terra, campos ermos, trigueiras,  
gándaras, piñeirais, pasteiros, carballeiras,  
óllovos, ríos sombrós de escuros ameneiros,  
óllovos, longas chás e pequenos outeiros.  
Desde a mola dos ósos estoute ollando, terra,  
ouh terra do meu corpo, e o meu corazón  
berra,  
berra fondas soidades, longas melancolías,  
pois fóronse pra sempre, ouh terra, aqueles  
días,  
e só fica a lembranza da lembranza primeira,  
e todo se vai indo menos a dor baleira.  
Estoute ollando, terra que me mancas a ialma  
co teu longo silencio, coa túa infinda calma.  
Estoute ollando, terra, estou sentindo o vento  
que galopa o silencio, puro estremecemento.  
Estoute ollando, terra, miña terra calada,  
ouh terra patria fonda, senlleira, ilimitada.

# IRIA FERNÁNDEZ SILVA

**La música lucense Iria Fernández Silva de gira con la Gewandhaus Orchester por Taiwan, Corea y Japón.**

La viola luguesa, a pesar de su juventud, tiene un destacado currículum musical: hizo sus estudios en el Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo, estudió en la Escuela de Altos Estudios Musicais de Santiago de Compostela, para continuar sus estudios en el Anton Bruchner Privatuniversität de Linz (Austria).

Academista en Óper Frankfurt (Alemania), trabajó en la Gustav Mahler Jugendorchester, perteneció a la Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia, fue invitada con tan sólo 15 años para tocar con la Orquesta Sinfónica de Galicia, tocando otras veces con la citada OSG; invitada a tocar en varias orquestas Sinfónicas nacionales y ha sido galardonada con varios premios musicales como solista en festivales y concursos musicales.





La instrumentista lucense pertenece desde el año 2022 a la plantilla de músicos de la GEWANDHAUS HORCHETER de la ciudad de Leipzig (Alemania). Siendo la orquesta Sinfónica cívica más antigua del mundo.

La Gewandhausorchester es venerada por su paleta de sonidos oscuros, cálidos y muy individuales que la distinguen claramente de otras orquestas de élite. Esta identidad sonora única, junto con la extraordinariamente rica diversidad de repertorio que interpreta la Gewandhausorchester, se cultiva en casi 300 actuaciones cada año en las tres "casas" de la orquesta: como orquesta de concierto en la Gewandhaus, orquesta de la ópera de Leipzig y orquesta para las representaciones semanales de las Cantatas de Johann Sebastián Bach con El Thomanerchoren en la Iglesia de Santo Tomás.

Desde el pasado seis de noviembre la violista **Iria Fernández Silva** está de gira con la Gewandhaus Orchester por el continente asiático, actuando en los más importantes teatros y salas de conciertos de Taiwan, Corea y Japón.

Ciudades como Kaohsiung, Taichung, Taipéi en Taiwan; Seúl, Daegu en Corea; Tokio, Sapporo en Japón, podrán disfrutar de las obras de Mendelssohn, Schumann, Richard Wagner, Anton Bruckner, Barthold, interpretadas por la Gewandhaus Orchester y serán dirigidas por el director de orquesta Letón Andris Nelsons, dando su último concierto de la gira por Asia el 25 de noviembre en la Sala de Conciertos "Kitara"; de Sapporo.



# SALA 14. VANGARDAS E EXILIO

**AURELIA BALSEIRO GARCÍA**

DIRECTORA DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO E MUSEÓLOGA


Os museos son institucións vivas e dinámicas tamén no que respecta aos contidos expostos. As coleccións amosadas teñen unha vontade de permanencia determinada, aínda que existan bens emblemáticos que sempre están presentes no discurso expositivo polo seu alto valor identitario e patrimonial.

Así mesmo, ao fío de novos estudos, liñas de investigacións ou relecturas actualizadas dos seus fondos, pero tamén en función de mellorar os espazos, modernizar museografías ou adaptar novos e significativos ingresos museísticos, ofrécense novidades que convidan a visitar os museos acotío.

Deste xeito, o Museo Provincial de Lugo procedeu recentemente á remodelación de cadansúas salas 13 e 14 ata agora dedicadas, desde a última intervención en 2008, ás vangardas históricas e posguerra xunto coas novas figuracións e abstraccións, dentro da sección de arte galega.

Porén, desde este mes de novembro, a sala 14 está dedicada a tres figuras galegas ben representativas do panorama artístico contemporáneo: Maruja Mallo (Viveiro, Lugo 1902 - Madrid 1995), Alfonso D. Rodríguez Castelao (Rianxo, A Coruña 1886 - Bos Aires, Arxentina 1950) e Manuel Colmeiro (Silleda, Pontevedra 1901 - Salvaterra de Miño, Pontevedra 1999).

Baixo o título de Vangardas e Exilio, relacionamos os principais puntos en común de tres artistas cunha produción pictórica persoal, ben recoñecible.



MUSEO PROVINCIAL

Por unha banda temos o seu contacto común coas vangardas europeas das primeiras décadas do século XX, ben no país ou ben no estranxeiro, con obvias innovacións tanto en técnicas como en correntes estilísticas, formas de expresión, soportes...etc., e, por outra, o seu compromiso republicano coa participación en programas culturais, docentes ou artísticos. Configuran, xuntamente, unha obra que racha coas anteriores tendencias máis clásicas ou academicistas e unha aposta pola modernidade e a renovación. Ademais, Maruja Mallo e Colmeiro foron pensionados das Deputacións de Lugo e Pontevedra respectivamente. Tralo estalido da Guerra Civil (1936-1939), como tantas persoas fuxidas polo conflito bélico e posterior Ditadura, exiliáronse na Arxentina, namentres a súa obra era esquecida e/ou censurada na súa terra. Agás Castelao que morreu en Bos Aires, Maruja Mallo regresaría a Madrid en 1962 e Colmeiro a Galicia en 1989.




Agora, na sala 14 do MPL, amósanse por primeira vez, todas as obras conservadas de Maruja Mallo, catro relacionadas coa súa etapa de pensionada pola Deputación de Lugo (1926-1929) estudando en Madrid, das que salientamos a Guía postal de Lugo; dúas adquiridas: Agol (1969) e Arquitectura mineral, (ca. 1930). Deste xeito, apréciase o seu percorrido artístico desde estéticas da Nova obxectividade, pasando polo surrealismo e o construtivismo, aplicadas na súa polifacética e cosmopolita obra.

No mesmo espazo, presentamos dous óleos de Castelao: Asno e gaivotas e Paisaxe con castiñeiro, que complementan a súa sala monográfica (nº 25) na sección de debuxo e gravado galego do MPL, e visualizan, en conxunto, a fondura social da súa poliédrica obra tan comprometida con Galicia, sempre desde o local ao universal.

De Colmeiro, englobado no grupo Os Novos e na Escola Española de París, pódense ver dúas obras, datadas nos anos 30, que non estaban expostas: Maternidade e Vista da muralla de Lugo, xunto con outras máis posteriores: A feira (1960) e Paisaxe, (1975), representativas de momentos distintos da súa produción pictórica, sempre vencellada á súa raizame galega en motivos e temas, aplicada a xéneros como a paisaxe ou o retrato.

Con esta nova montaxe encadeamos unha instalación de obras de arte do pasado século XX, contextualizada con outra acción de fomento da memoria de creadores relacionados coas vangardas que despois tiveron que fuxir ao exilio, para divulgar a toda a comunidade museística.



Sala 14 do Museo Provincial de Lugo. 2023



"Asno e gaivotas". Obra de Castelao. Óleo/cartón.



# Diferente

## Marisol Bravos Mestra e activista social



### Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Tendo en conta a miña loita por unha «accesibilidade universal e un deseño para todos», estaría ben que me preguntaran... Lugo é unha cidade inclusiva?

### E cal sería a resposta?

Coa pregunta vai implícito o meu soño de que algún día poida responder con firmeza que... Lugo contempla a diversidade dos seus cidadáns. (En letra pequena hai que dicir que as persoas con mobilidade reducida aínda temos que ir sorteando onde podemos entrar).

### Unha película?

A primeira que recordo e que me impactou moito foi El coloso en llamas, que ademais vin na primeira fila do cine. Gústanme as de temática social como Rain Man, Billy Elliot, Hijos de un dios menor...

### Un actor?

Estou entre Paco Rabal e Imanol Arias. Se fose galego, Luís Tosar.

### Unha actriz?

Sen dúbida Lina Morgan, e das galegas Mabel Rivera.

### Unha canción?

É difícil escoller unha cando a música foi a miña compañeira. Teño seis cancións moi presentes porque marcaron momentos especiais, pero a máis representativa da vida e que sempre me emociona é Así nacemos de Julio Iglesias

### Un libro?

Más grandes que el amor, de Dominique Lapierre. Cando o merquei non imaxinaba que ía ler unha parte da miña historia da polio. E non podía faltar Memorias dun neno labrego.

### Un autor?

Quédome con Isabel Allende, Jorge Bucay, Paulo Coelho...

### Un articulista?

Leo a varios/as, pero non sabería decantarme.

### Un político?

Uf, unha pregunta difícil. Tería que ser... «Unha persoa con empatía, capaz de poñerse nos zapatos do outro». Luís Cordeiro, foi o meu primeiro contacto co mundo da política en Lugo, e Ramón Trías Fargas, un referente como impulsor da primeira Lei de Integración Social das persoas con diversidade funcional.

### Un tempo?

Se fose climatolóxico diría que «seco e soleado» por aquilo de que os bastóns non compaxinan ben co chan esvaradío. Referido ao outro concepto de tempo quédome co Presente. Tento vivir sempre no aquí e agora.

### Un taco?

Non son de tacos. Puntualmente podo dicir ante un contratempo: Miiieeerda!


### Que lle molesta?

De maneira rotunda: Que se «negocie» cos dereitos das persoas.

### Alguén ou algo despreciable?

O maltrato infantil porque considero que é unha etapa clave no desenrolo humano. Desde a miña traxectoria profesional podo asegurar que a mirada triste dun neno ou dunha nena non é fácil de esquecer.

# IRMANDADE LUGO SEMPRE




El pasado 15 de noviembre, la **Irmandade Lugo Sempre** comenzó un nuevo ciclo de conferencias. Resultó en un rotundo éxito de convocatoria la pronunciada por don **Ángel Usero**, responsable del Rexistro Galego de Instruccións Previas da Consellería de Sanidade en Lugo, bajo el título "O Testamento Vital". Fueron más de un centenar de personas las que asistieron al acto celebrado en "La Ferreteria Eventos & Co" de la calle San Froilán. Ameno, didáctico y sensible estuvo Ángel Usero en la exposición del tema ante un público muy interesado en las explicaciones facilitadas. El próximo día 11 de diciembre, en el mismo lugar, tendrá lugar la segunda de estas conferencias titulada "Ser Vello en Lugo".



# SEIS, SON MEDIA DUCIA

PACO NIETO




¡Qué mundo maravilloso!

## louis armstrong - what a wonderful world



parum-pa-pum-pum, rum-pa-pum-pum,  
rum-pa-pum-pum

## neil diamond - little drummer boy




El más universal y el más deseado,  
pero en plural

## linda ronstadt y aaron neville



Bueno y Papa Noel y San Nicolas y Los Reyes Magos


elvis presley - here comes santa claus



SELECCIÓN MUSICAL



Eso, eso; War is Over!!!! Todas

john lennon - happy christmas (war is over)



A veces un buen y sano ejercicio

nilsson - remember



# CHÍAR CARA Ó INVERNO


**ANTONIO GREGORIO MONTES**

Nestes momentos, o vento golpea fóra da casa. Métese a noite cara ó inverno con moito vento e algo menos de chuvia. O aire ven, e miro fóra e leo por onde o fai mirando os signos das herbas fronte a min.

Mentres, o mundo segue. A ría, cada vez máis estreita, prepárase para un novo apertuxarse da auga entre terra e rocha desprazada aquí e aló por intereses diversos. É curioso. A auga era a que días atrás, coa marea chea, facía que a Veiga se inundara outra vez. Algo cada ano é máis frecuente cun mar que leva subido dez centímetros no que vai de século.



E seguimos. Á vista xa están algúns deses desexos de ano novo que tanto custa manter, que non soen chegar nin a fin de mes, como un dos moitos soldos escasos que escorren entre moitas mans neste país. Non son os únicos en discontinuarse: como na canción que nos avanza que unha perna tapa a outra, unha guerra tapa a outra a pesares das boas intencións que se manifestan de xeito grandilocuente. O mesmo ca eses acordos que resultan ser máis bonitas verbas ca outra cousa prometendo facer o que sexa para parar o desastre climático mentres se seguen a subvencionar as actividades que levan ó desastre.



Pero imos achegándonos ó Nadal. Estarán acendidas as luces en Vigo, esas que iluminan o universo eclipsando a vista das estrelas, ou do este mes máis luminoso Xúpiter. Eclipsaranas ós comúns mortais que non poden -podemos- irnos a un lugar deserto, afastado do mundanal ruído. Está a chegar o tempo do sorriso fácil, da boa vontade enlatada, da superación provisional das preocupacións, da permisividade en aras do anterior e do futuro que se está a fastidiar precisamente por esa mesma permisividade. Un paseo á beira da ría para esquecer que se está a converter nun río. Unha compra para esquecer o estrago que esas compras producen. Unha volta en coche, onde sexa, para esquecer preocupacións como o envelenamento da atmosfera co mesmo fume que estamos a xerar. Ou unha camiñata polo monte rematado de se queimar?

Si, é doado. O que? Non importa, iremos polo doado: é doado! Mesmo as verbas aguantan con todo. E cada vez hai máis. Non só as producidas por unha chamada intelixencia artificial que promete cousas que non é consciente de poder cumprir (é que acaso a IA actual é consciente?). Mais tamén con palabras, con outro carácter moito máis colaborativo, humano e máis noso, con esforzo de aquí, a Galipedia acadou o mes pasado 200 000 artigos.


Ribadeo, Futuro ou Cambio climático están entre eles. Un pequeno lume de esperanza de cara a un porvir polo que hai que loitar.

Repaso o escrito mentres amence.

Chove no escuro, pero a luz loita por facerse día.



COLABORACIÓN



# Diferente

## Noemi Mazoy Actriz e intérprete



### ¿Qué pregunta le gustaría que le hiciese?

Aquella que pudiese servir para el bien de la humanidad.

### ¿Y cuál sería la respuesta?

EL AMOR

### ¿Una película?

Capitanes intrépidos en un televisor de los ochenta, mientras mi papá cantaba "ay mi pescadito deja de llorar" bajo las tejas de un añorado chalet azul, pulmón y corazón de la niña que sigue viva dentro de mí.

### ¿Un actor?

Luis Tosar, orgullo y admiración absoluta.

### ¿Una actriz?

Mirian Gallego, hermosa hada roja, compañera querida y amada amiga.

### ¿Una canción?

"Ahí ven o Mayo" en la voz de mi hermano Betín. Unirme a su canto era viajar a un infinito que el alma jamás podrá olvidar.

### ¿Un libro?

"Momo" fue en su día una lectura que siendo muy niña, me marcó de un modo que me ha acompañado hasta el día de hoy con el recuerdo de una noche en vela, leyendo con una linterna escondida bajo las mantas...

### ¿Un autor?

Rosalía de Castro... en sus letras vive la voz de mi mamá recitándola con un pequeño libro que atesoraba en su mesilla de noche... morriña de ambas...

### ¿Un articulista?

"Un hombre de Lugo"... seudónimo que utilizaba mi papá para transmitir pensamientos del caminar de su ciudad.

### ¿Un político?

Siendo una persona que siempre he tenido una enorme falta de interés por la política y sin verme cualificada para opinar sobre ella, si puedo nombrar un político que consigue que mi corazón palpite con esperanza, José Mujica.

### ¿Un tiempo?

Aquel que me lleva a mi infancia, a mis raíces, a mi familia, a mi hogar... al olor a tierra mojada, a naturaleza, al invierno, al San Froilán... a los juegos infinitos, a vivir en libertad, al abrazo sincero, a la pureza, a la verdad... a la unidad de las almas, a la sonrisa de entrañas, a sentir que si quieres, puedes volar.

### ¿Un taco?

"Cagada de Paloma"... ese fue el primer y último taco que salió de mi boca cuando apenas empezaba a hablar, aunque tengo que destacar mi cariño por nuestro querido "carallo" que hace patria allá por donde va, o aquellas "puñetas" que cada vez que las escucho, no puedo evitar pensar en las mangas de camisa que seguramente alberguen tras ellas, algún taco mayor que no conviene nombrar...

### ¿Qué le molesta?

La falta de escucha y la mentira.

### ¿Alguien o algo despreciable?

No hay mayor desprecio que no dar aprecio.



# VALÍN LIBROS. EL ESFUERZO, LA PASIÓN Y EL COMPROMISO

**Jose Manuel Valin Barreiro** y su esposa, **María Jesús García Gay**, son Valín Libros. Sus comienzos datan del año 1995, en el que publican su primer libro «Lugo entre la historia y la leyenda», y en 1996 ve la luz «Orígenes y leyendas de Galicia».



“Asistiendo a ferias de antigüedades y rastrillos, llegado el año 2014 pasa a ser nuestra prioridad el libro. Y ya en 2015 dedicándonos en exclusiva a la venta de libros, abrimos nuestra primera librería en el Pazo de Ferias y Congresos de Lugo, que fue creciendo hasta que en noviembre del 2018 nos trasladamos a la actual, en San Roque, 32”.


**José Manuel Valín** ha marcado algunos hitos en la historia del coleccionismo y la reunión de elementos singulares que han hecho única la pasión por los libros y también por la música gallega. El pasado año logró reunir todos los discos y formatos grabados por el grupo Fuxan os Ventos así como una muy cuidada colección de documentos y fotografías de este grupo. Realizó exposición en Mondoñedo, lugar donde nació para la historia este grupo.

Recientemente recompiló, posiblemente con carácter único, diversas ediciones, fundamentalmente primeras, del libro de Rosalía de Castro, Cantares Gallegos, editado en diversos idiomas y países, obra de la que se siente orgulloso y apasionado.



José Manuel Valín con un ejemplar de la primera edición de Cantares Gallegos de 1863








De izquierda a derecha: Carlos Dafonte, presentador del acto, Maite Ferreiro, Concelleira de Cultura no Goberno de Lugo y Alberto Valín, conferenciante.

Son cinco años de vida entre libros, unos 30.000 ejemplares componen su colección; 20.000 referenciados en la web: [www.valinlibros.gal](http://www.valinlibros.gal) y miles de contactos entre coleccionistas de toda España que recurren a Valín Libros porque saben que encontrarán lo que buscan.

Un acto celebrado en el salón de actos de O vello cárcere y al que acudió un gran número de personas.

Alberto Valín, desgranó con numerosos datos, historia y presente de la Masonería en Galicia.

Para celebrar este quinto aniversario, José Manuel Valín se ha propuesto a lo largo de este año, celebrar una serie de actos de carácter público y para ello el pasado día 11 de noviembre, invitó a dar una conferencia al profesor de la Universidad de Vigo, Alberto Valín Fernández, con más de 40 años a sus espaldas como investigador de la Masonería en Galicia,



# A CARMIÑA DO CASAL

**ANTÓN CANDO**

Quedou viúva a Carmiña do Casal os corenta anos; tiña unha úneca filla qu'era reporteira da TVG, e a probe nai quedou soíña. Mandouna a súa médeca de cabeceira ò psicólogo, ou coma se diga, porque andaba moi tristeira e, apoucada.

Foi a Carmiña a unha psicóloga de moita sona, ista deulle varios consellos pra collere ledicia e bos folgos: antr'iles que saíse ós cafés e, ós bailes e, que morase con home canto antes pra, êsí tomar contentura; qu'iso, sobor de todo, o de botar n'home, era a mellor menciña c'había de todas ilas.

- Ah Xexús doutora! dixo a Carmiña.

Entón a boa da Carmiña qu'era moi relixiosa, quixo saber s'iso era pecau, e foi confesar xa o primeiro domingo que veu. Contoulle o socedido o señor cura.

-Mira Carmiña, eu agora non sei se iso e pecado, teño que consultar as escrituras, a ver que din ó respeito; coma te vexo apurada, volta mañá que, direi logo unha misa ás cinco!

-Ai, Don Enrique, míreme ben a cousa!

Anunciou Don Enrique unha misa extroudinaria pró luns ás cinco, cousa qui nunca fixera. esa misa, non foi ninguén, agás a criada do cura que, xa era velliña e, fora tamén criada d'outro crego que xa morrera; e quedou con Don Enrique, un cura noveirón, d'unhos corent'anos, bon mozo il.





A Carmiña pasou pró confeisonario namais chegare o señor cura. Don Enrique expricoulle que nas escreturas non había nada que falese que, fosen pecado eses recomendados casos.

-Mira Carmiña! dixo Don Enrique, o probrema qu'eu vexo, é que se saés ós cafés, vas as festas ou tras un home pra casa, vante marmurar muito os veciños; eu xa sei que unha moza nova e guapa coma ti, êlle moi malo pasare necesidade d'home; coma ême ê min tamén malo pasar fame de muller!

-Ai Don Enrique, que cousas me di, e non será pecau prôn cura iso!



CONTO



-Ai Carmiña, cando unha cousa é menciña e, sana a vida, pecado non pode ser!

-Ai Don Enrique, llôs veciños que diran!

-O peor é a miña criada Carmiña, qu'é unha frisgoa; non me chames nunca ó telefono da casa, nin ó móbil tampouco que, falo sempre diante dela pra que quede tranquiliña. Temos moita sorte que dende a reitoral vexo a ventá da túa cociña. Eu menos os domingos e días d'enterro, aí antre as cstro e seis estou sempre na casa. Cando queiras que vaia pr'ônda ti, poste a limpar as ventás da cociña, e deseguido ábresme a porta da corte e, déixala arrimada pra, entrar eu por detras; que ben saben todos, qu'eu pasu dando un paseu a esas horas polo camín que pur'êi pasa!





Del outro día, ás catro da tarde en puntu, non sen moitas dúvidas, prô por mor de sere botica, xa estaba a Carmiña limpado os cristais da ventá da cociña. Tan boa foi a receita e, tan ben lles fixo ós dous, que Don Enrique dixo:

-Ai Carmiña, mañá non te esquezas de limpares a xaneliña outra vez!

A Carmiña non pasaba día que non limpase a fiestra.

Axiña deron en dicir as mulleres do vecindario:

-E coma fará a Carmiña do Casal pra ter sempre a xanela coma unha patena.-



# Diferente

**Elena Candia\***  
Política



**Que pregunta lle gustaría que lle fixese?**

**E cal sería a resposta?**

**Unha película?**

**Un actor?**

**Unha actriz?**

**Unha canción?**

**Un libro?**

**Un autor?**

**Un articulista?**

**Un político?**

**Un tempo?**

**Un taco?**

**Que lle molesta?**

**Alguén ou algo despreziable?**




Ver nota final na sección de aclarado\*

# CARTA A LOS REYES VAGOS

Queridos Reyes Vagos o Papá Poel, qué más da; pero ¿de verdad no tendréis en vuestros almacenes unos saquitos de arena (aunque sea de playa) para bachear semejantes charcos?.

Esto empieza a parecerse a N-VI, en cualquier momento se pueden pinchar los ruedines de la bicis de los cativos; o las de los carritos de las mothers and fathers.

Veña oh!, hai que traballar !!! Fora a galbana!!!



# A BOCADOS

Neste derradeiro “A bocados” de 2023, lembramos que a sección recolle citas a desenvolver en **Lugo**, relacionadas ca cultura e que baixo o prisma de **Chío**, resultan “imperdibles”.

O vindeiro luns 11 de decembro e dentro do ciclo de conferencias que ven de organizar a **Irmandade Lugo Sempre**, terá lugar unha nova convocatoria.



En **La Ferretería** eventos, na R/San Froilán poderase escoitar a **Paqui Correa** (traballadora social), **Julio Méndez Menendez del Llano** (presidente da asociación de jubilados e pensionistas de Lugo) e a **Héctor Méndez** (formador da garda civil en Lugo) que falarán acerca do tema “ser vello en Lugo.”  
Unha conferencia de balde, pero con aforo limitado.

O domingo 17 de decembro, no **auditorio Gustavo Freire** e dentro da I Xornada de saúde mental e suicidio que terá lugar na cidade, **Mario de las Sagras @soloeme** presentará o seu libro “Era inevitable” cun recital poético, acompañado de danza e música.

A entrada deste e o resto dos eventos da xornada, é un donativo para Stop suicidio Lugo. Toda a info [na súa web](#)



# ACLARADO, PROGRAMA RÁPIDO

Tal vez sexa interesante lembrar que este número de **Chío** (e os anteriores) está dispoñible para descarga de balde na web [www.lugosempre.com](http://www.lugosempre.com)


No referente aos **contidos** deste **Chío**, uns apuntamentos:

- A sección “DFrente” con preguntas dirixidas a Dna. **Elena Candia**, aparece sen as respostas non por erro de edición, senón por falta daquelas, logo de concordar coa protagonista, a súa participación na revista (do mesmo xeito que se fixo con todos/as os entrevistados/as nos sucesivos DFrente que temos publicado en **Chío**)
- A “Carta a los Reyes Vagos” recolle unha petición de tantas posibles...

No tocante ás **imaxes**, procede aclarar que son de autoría propia, ou ben cedidas con gusto, polo autor/a ou artista, en certos casos.

Algunhas desas imaxes, levan o seu correspondente pé de foto. Non obstante, puntualizamos:

- As imaxes que acompañan a “Sala 14. Vanguardas e exilio” son obra de **Xosé Manuel Otero**. E **Maruja Mallo** é unha artista con pago de dereitos na VEGAP.



**Coordina e dirixe Chío, Melina López**

